



MEMORIA ANUAL 2018



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

1987-2018



INDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. PADROADO REITOR	4
3. MISIÓN, VISIÓN, VALORES	5
4. QUENES SOMOS	6
5. INSTALACIÓNS	9
6. PROXECTOS 2018	11
6.1. LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL.....	12
6.2. PROTECCIÓN DA INFANCIA E CONCIENCIACIÓN EN VOLUNTARIADO.....	19
6.2.1. NAS SÚAS MOCHILAS OS SEUS SOÑOS	21
6.2.2. NINGÚN NEN@ SEN XOGUETE EN NADAL.....	22
6.2.3. SENSIBILIZACIÓN EN VOLUNTARIADO NA INFANCIA.....	23
6.2.4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO XUVENIL.....	24
6.2.4.ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á INFANCIA	25
6.3. IMPULSANDO O EMPREGO	27
6.4. PROXECTO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.....	35
6.5. CAMPAÑAS DE RECICLAXE SOLIDARIO	42
6.6. PROGRAMAS PARA O COLECTIVO MIGRANTE	46
6.7. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO.....	48
6.8. CULTURA GALEGA.....	51

ANEXO I. CONTAS XUSTIFICATIVAS EN CONCELLOS CON ACTUACIÓN FAG

ANEXO II. ENTIDADES PÚBLICAS COLABORADORAS



INTRODUCCIÓN



A **Fundación Amigos de Galicia** é unha **entidade sen fins lucrativos** (Lei 49/2002) tal e como se mostra nos seus Estatutos, rexistrada como **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199**.

Tamén está rexistrada como **organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento E-19** no **Rexistro Galego de Axentes de Cooperación**, no **Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (1995/5)**, e acollida á Lei de Mecenado e no **Rexistro de Entidades Culturais co nº 36**.

A Entidade conta coa **Axencia de Colocación Emprego Galicia** aprobada pola **Xunta de Galicia**, con número de **Expediente 2012/017** e **Número de Identificación 120000013**.

Cabe destacar que as **contas da Entidade están auditadas pola empresa Galicontrol, S.L.**

O principal ámbito de actuación atópase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia principalmente, realizando accións puntuais tanto en España coma no estranxeiro.



PADROADO REITOR

PRESIDENTE DE HONRA

Ramiro Carregal Rey

PRESIDENTE

Miguel Villar Costoyas

SECRETARIO

Ramiro José F. Varela Cives

VICEPRESIDENTE (A CORUÑA)

José Andrés García Cardeso

VICEPRESIDENTA (PONTEVEDRA)

M^a del Pilar Valiño Prieto

VICEPRESIDENTA (LUGO)

Gloria Rodríguez Moirón

VICEPRESIDENTE (OURENSE)

Saturnino Cuquejo Iglesias

TESOUREIRO

Antonio Costa Sánchez

VOGAL

María Dolores Couceiro Pérez

VOGAL

José A. Alonso Miranda

VOGAL

Alfredo Garrido González

VOGAL

Carmen Garrido Torres

VOGAL

José Domingo González Bahillo

VOGAL

María del Pilar Goris Barros

VOGAL


Mercedes Piñeiro Díaz

VOGAL

Emilio Santasmarinas Raposo



MISIÓN, VISIÓN, VALORES



1. Misión

Atención ás persoas en situación ou **risco de exclusión social**, promovendo a súa **inserción no mercado de traballo**.

2. Visión

A visión é a dunha entidade social, consolidada e afincada en Galicia cuxo baluarte é a **infancia** en situación ou risco de exclusión social.

3. Valores

Equidade, transparencia, participación social, enfoque de xénero e respecto á diversidade.



QUENES SOMOS

CADRO DE PERSOAL

POSTO	Nª	RETRIBUCIÓN
Director Xeral	1	1. Fundación Amigos de Galicia
Traballadores/as Sociais	8	5. Fundación Amigos de Galicia 1. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas 2. Programa Coopera
Integradores/as Sociais	1	1. Programa Garantía Xuvenil
Axente de desenvolvemento social	1	1. Programa Garantía Xuvenil
Promotor/a de igualdade de oportunidades	1	1. Programa Garantía Xuvenil
Orientadores/as laborais	18	7. Fundación Amigos de Galicia 11. Programa IOBE
Asesor/a xurídico/a	1	1. Fundación Amigos de Galicia
Asesor/a psicolóxico	2	2. Fundación Amigos de Galicia
Administrativos/as	10	4. Fundación Amigos de Galicia 2. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da



		renda ás persoas físicas 4. Programa Coopera
Auxiliar administrativo/a	3	2. Fundación Amigos de Galicia 1. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas
Prof. de apoio da Administración Pública dos Servizos Sociais	2	2. Programa Garantía Xuvenil
Xornalista	2	2. Fundación Amigos de Galicia
Conductor de furgón	7	3. Fundación Amigos de Galicia 3. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas 1. Programa Garantía Xuvenil
Almacenista	7	4. Programa Coopera 3. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas
Mozo/a de almacén	4	3. Fundación Amigos de Galicia 1. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas
Oficial Lavandaría	4	4. Programa Coopera
Oficial 2º Lavandería	1	1. Proxecto para programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0,7 do imposto da renda ás persoas físicas




FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

Ademais do persoal, a Fundación Amigos de Galicia conta coa indispensable labor e colaboración de:

Colaboracións

Ano 2018

Ademais do persoal, a Fundación Amigos de Galicia conta coa indispensable labor e colaboración de:



**** Voluntarios/as da Fundación Amigos de Galicia**





INSTALACIONES

A Entidade conta con diversos centros de traballo, oficinas, naves e medios de transporte que permiten desempeñar diariamente a súa labor.

A sede social atópase en Avda. De Lugo, 115 (Santiago de Compostela).

NOVAS RELACIONADAS

Vilagarcía de Arousa, 29 de outubro de 2018

Fundación Amigos de Galicia pon en marcha a súa nova oficina en Avda. Matosinhos, 2, en Vilagarcía de Arousa

- En este espazo traballan catro técnicas de emprego, unha traballadora social, un psicólogo e dous avogados
- Na presentación da posta en marcha estiveron presentes directivos da entidade e empresas colaboradoras

A Fundación Amigos de Galicia pon en marcha un novo espazo para seguir axudando á sociedade e desenvolver novos programas. A nova oficina está situada na Avenida Matosinhos, número 2, en Vilagarcía de Arousa.





OFICINAS	
<i>Fundación Amigos de Galicia</i>	
Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela – A Coruña - SEDE SOCIAL	
Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa – Pontevedra	
Avda. Matosinhos, 2 – Vilagarcía de Arousa – Pontevedra	
Casa Azul – Rúa Sor Lucía ,4 - Pontevedra – Pontevedra	
Avda. de Portugal, 59 – Ourense	

OFICINAS IOBE	
<i>Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia</i>	
Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela – A Coruña	
Avda. Matosinhos, 2 – Vilagarcía de Arousa – Pontevedra	
Casa da Luz – Pza. da Verdura, S/N - Pontevedra	
Avda. de Portugal, 59 – Ourense	

INSTALACIÓNS	
Naves	Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa- 1.620 m
	Rúa Fontercamoa, 63- Vilagarcía de Arousa – 450 m
	Rúa Lope de Vega, 32 – Rábade – Lugo – 100 m (almacén)
	Rúa Tres Nº7 Polígono San Cibrao das Viñas – 2.450 m
Medios de transporte	1 camión - 12 toneladas
	1 camión isoterma – 8,5 toneladas
	1 furgoneta cedida por BANTA– Ford Transit – 2.358 kg
	2 furgoneta da Fundación – IVECO 2.358 kg
	1 Furgoneta cedida por BANTA Citroen Jumpy
	1 coche da Fundación Amigos de Galicia – Ford Mondeo



PROXECTOS 2018

Memoria 2018

- 6.1. A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL
- 6.2. A PROTECCIÓN DA INFANCIA E CONCIENCIACIÓN EN VOLUNTARIADO
- 6.3. IMPULSANDO O EMPREGO
- 6.4. PROXECTOS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE
- 6.5. CAMPAÑAS DE RECICLAXE SOLIDARIO
- 6.6. PROGRAMAS PARA O COLECTIVO MIGRANTE
- 6.7. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO
- 6.8. CULTURA GALEGA



LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A Fundación Amigos de Galicia realizou no ano 2018, 37.848 atencións directas a usuarios/as do Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, das cales 14.106 foron dirixidas a menores.



** Evolución de actuación dende o ano 2012 ata o ano 2018



A pobreza é unha ameaza á liberdade e á seguridade humana. En Galicia, 612.000 persoas atópanse en situación de pobreza ou en risco de caer nela.

Un/unha de cada catro nenos/as galegos/as conviven en fogares en risco de exclusión social. Outro colectivo ao que debemos prestar especial atención son as persoas maiores de 65 anos, xa que 72.600 xubilados están en risco de pobreza (11%).

En 2016 e 2017, 30.507 homes saíron da pobreza en Galicia, sen embargo 20.913 mulleres entraron nela. De feito, a brecha de xénero acentúase en pobreza e exclusión social. Estamos presenciando a tendencia á feminización da pobreza, con taxas de 3,6 puntos máis elevados para as mulleres que para os homes.

Ante esta situación, Fundación Amigos de Galicia, como entidade prestadora de Servizos Sociais, ten como misión ofrecer apoio ás persoas que se atopan en risco de exclusión social de Galicia, especialmente a aquelas familias que teñen menores a cargo.

Para iso, a entidade desenvolve diferentes programas para cubrir as **necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos de Galicia, principalmente cando nestos fogares hai menores a cargo.**

Estes programas van dirixidos a persoas que se atopan en risco de exclusión social, entendendo que a exclusión pode deberse a unha falta de ingresos debida a factores como a perda dun emprego ou a dificultade para acceder ao mesmo, a ausencia de redes familiares e sociais, a existencia de diversidade funcional, a carencia dunha vivenda digna, etc. Os principais colectivos atendidos dende a entidade son:

- Familias con dificultades económicas con menores
- Mulleres vítimas de violencia de xénero con menores a cargo
- Parados/as de longa duración
- Persoas con familiares dependentes ao seu cargo
- Inmigrantes
- Emigrantes

A Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social en datos

Durante o ano 2018 entregamos
1.324.463,92€ en **alimentos**

Durante o ano 2018 entregamos
90.529,41 € en **vestimenta e calzado**


Todas as familias atendidas contan con valoración de idoneidade por traballadores/as sociais contratados/as para tal fin pola entidade; ou son derivadas polos Servizos Sociais dos concellos cos que se mantén convenio de colaboración ou de outros organismos públicos (Subdirección Xeral de Familia e Menores).

Todas as actuacións realizadas son gratuítas para as persoas usuarias.

Número de actuacións

A Fundación Amigos de Galicia realizou no ano 2018 un total de **37.848 atencións directas a usuarios/as do Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, das cales **14.106 foron dirixidas a menores**.

Actuacións FAG 2018



PROGRAMAS DESENVOLTOS NA LOITA CONTRA A EXCLUSIÓN SOCIAL

Programa de cobertura de necesidades básicas, inmediata, a persoas en situación de necesidade urxente

O número de persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social é un dos indicadores máis fiables do grado de desenvolvemento social alcanzado por un país. A erradicación de estes fenómenos supón, por tanto, un dos obxectivos prioritarios ós que, como sociedade, debemos dar cumprimento.

A estrutura do **Programa de cobertura de necesidades básicas, inmediata, a persoas en situación de necesidade urxente** xorde da necesidade de garantir o Estado do Benestar. Para tal fin, se poñen a disposición do programa os medios que permiten o seu desenvolvemento.

- Actuacións concretas dentro do programa:

- *-Valoración feita por persoal técnico das unidades familiares demandantes de axuda, previa incorporación ó programa.
- *-Valoración das necesidades concretas de cada unidade familiar incorporada ó programa, en colaboración, se procede, co persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do concello.
- *_Entrega de paquete alimenticio, en función das necesidades concretas da unidade familiar. Dito paquete contén a totalidade de produtos alimenticios, perecedoiros e non perecedoiros, que a unidade familiar precisa.
- *_Entrega de produtos de vestimenta e/ou calzado.
- *_Entrega de produtos de hixiene persoal.
- *_Entrega de mobiliario e/ou outros enseres do fogar.
- *_Servizo de perruquería gratuíto para menores.
- *_Pago de débedas concretas de luz, auga, gas, alugueres, hipotecas.
- *_Entrega de material escolar a menores incluídos no programa, de cara a facilitar a volta ó cole.
- *_Campaña de Nadal, coa entrega de xoguetes ós menores de 8 anos e libros ós nenos/as entre 9-12 anos, fomentando a equidade dos menores.

Obxectivo xeral: Cobertura inmediata ás necesidades básicas das persoas, cando estas se atopan en situación de urxencia, por carencia e/ou limitación de recursos económicos, evitando o seu desamparo e/ou exclusión social.

Este programa conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, enmarcado dentro dos programas de interese xeral con cargo á asignación tributaria 0.7.

Plan de Cobertura de Necesidades Básicas Alimenticias ás Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia:

A Fundación Amigos de Galicia leva a cabo este Plan co obxectivo de garantir as necesidades alimenticias daquelas persoas especialmente vulnerables, non incluídas no programa anteriormente desenvolto.

A axuda consiste nunha entrega periódica de produtos alimenticios **non perecedoiros** (aceite, arroz, pasta, conservas, conxelados, crema de verduras, tomate frito, azúcar, cacao, galletas, leite, zume, etc.); e **perecedoiros** (carne, peixe, embutidos, pan, patacas, óvos, queixo, froita, hortalizas etc.). Esta axuda tamén inclúe a cobertura de alimentación infantil (leite de primeira lactancia e de continuación, potitos, cereais infantís), así como cueiros.

Neste eido tamén se entregan **alimentos para persoas con necesidades alimenticias especiais**: sen glute, sen lactosa, etc.

Este programa conta co apoio da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Plan de Cobertura de Outras Necesidades a Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia:

O obxectivo do programa consiste en dar cobertura ás necesidades non alimenticias das familias en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, tratando de evitar que a non cobertura de outras necesidades básicas poida derivar na súa exclusión social.

Dentro deste programa dase cobertura ás necesidades de:

- ✓ **Vestimenta / Calzado**
- ✓ **Produtos de hixiene persoal e limpeza do fogar**
- ✓ **Entrega de mobiliario, electrodomésticos e enseres do fogar**
- ✓ **Material escolar entre os menores para a “volta ao cole”**
- ✓ **Xoguetes durante as datas de Nadal entre os menores atendidos**
- ✓ **Outras aportacións, de carácter básico, que puideran ser necesarias.**

Este programa conta co apoio da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

OUTRAS ACTUACIÓNS DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

✓ CURSO DE ECONOMÍA DOMÉSTICA

O Dpto. de Traballo Social da entidade desenvolveu ao longo do ano 2018 o **Curso de Economía Doméstica** dirixido a persoas que reciben ou recibiron atención da Fundación Amigos de Galicia. No curso se trataron temas como a elaboración da lista da compra, trucos para comprar en supermercados e aproveitar as ofertas, métodos de consumo responsable, como detectar a publicidade enganosa, trucos para o aforro nas facturas da luz, teléfono, auga, etc. A maiores tamén se desenvolven accións de acompañamento, coas que se pretende dar pautas de consumo responsable e técnicas de aforro que poden empregar día a día.

✓ REPARACIÓN DE VIVENDAS

Dentro do Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social levado a cabo pola entidade, a Fundación Amigos de Galicia presta axuda a familias galegas, principalmente con menores a cargo, que se atopan en situación de dificultade económica, e que precisan axuda na rehabilitación da súa vivenda para poder vivir nun fogar digno.

Para iso, a entidade faise cargo do servizo de albanelería, entrega de mobiliario e electrodomésticos, etc. para acondicionar as vivendas de estas familias. No 2018 a entidade axudou na reparación de vivendas en Camelle (Camariñas), Redondela, e Silleda; e entregou mobiliario en Fene, Porto do Son, Riveira, As Neves, Cambados, Moaña, Redondela, Pontevedra, Valga, Vilagarcía de Arousa. No ano 2018, a Fundación Amigos de Galicia aportou máis de 212 camas, colchóns, etc. A maiores de aportar materiais, en colaboración cos concellos, adecúanse habitacións en fogares para que todas as nenas e nenos poidan vivir con dignidade.



** Reparación do tellado da Casa de Tatiana Alves, en Camariñas. Neste fogar tamén se entregou mobiliario e electrodomésticos.



** Reparación do tellado dunha casa en Silleda.



Colaboración con outras entidades

A Fundación Amigos de Galicia colabora con outras entidades de carácter social como comedores sociais, residencias de maiores, centros de educación especial, etc. mediante a entrega de alimentos mercados pola entidade ou doados por empresas coaboradoras.

ENTIDADES OURENSE	PESO
Fundación San Rosendo	918,40
ENTIDADES DE PONTEVEDRA	PESO
Asilo de Caldas de Reis. Hermanitas Ancianos Desamparados	755,45
Asilo de Cambados	8.662,00
Asociación Maluma - O Grove	1.118,70
Centro Reto a la Esperanza - Pontevedra	160,80
Hermanos Pobres de Teis – Vigo	2.095,80
Comedor Vida Digna - Vigo	2.316,28
Asociación Con Eles – Vilagarcía de Arousa	3.032,30
Cáritas Interparroquial de Arousa – Vilagarcía de Arousa	115,40
Reto a la Esperanza – Vilagarcía de Arousa	450,50
Fundación Aldaba – Vilagarcía de Arousa	333,00
Asociación Bata – Vilagarcía de Arousa	598,15
Asociación Amencer-Aspace // Princesa Leticia – Vilagarcía de Arousa	671,60
Monasterio San Cristóbal Augustinas Recoletas – Vilagarcía de Arousa	60,00



PROTECCIÓN DA INFANCIA E CONCIENCIACIÓN EN VOLUNTARIADO



A Fundación Amigos de Galicia, presta especial atención ós dereitos da infancia traballando a diario por asegurar as súas necesidades básicas como a alimentación, hixiene, escolaridade, etc.

Dende Fundación Amigos de Galicia temos como misión principal traballar para que todos os menores teñan garantidos os seus dereitos.

Os menores son moitas veces as persoas máis vulnerables e as máis silenciadas en situacións de exclusión social, e por iso, Fundación Amigos de Galicia pon a disposición da infancia toda a axuda que lle sexa necesaria.

Durante o ano 2018, realizamos 14.106 atencións a menores de Galicia en situación de pobreza ou exclusión social.

Traballamos día a día para asegurar que os/as nenos/as teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, vestimenta, hixiene, escolarización, e por suposto, o seu dereito a non perder nunca a ilusión. Para iso levamos a cabo o Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, prestando unha especial atención á INFANCIA.

Fundación Amigos de Galicia se personou como acusación popular.

Ademais, nos últimos anos, Fundación Amigos de Galicia vense implicando cada vez máis coa protección da infancia e dando voz a casos que vulneran os seus dereitos. Así se reflicte no punto 6.4 dos Estatutos da Fundación Amigos de Galicia, polo cal a entidade poderá personarse como acusación popular en casos de violencia contra un menor; e no artigo 6.5, que fai fincapé na protección da infancia.

No ano 2018 a entidade personouse como acusación popular con un neno de Mondoñedo presuntamente maltratado no seo familiar.



A maiores, lévanse a cabo campañas específicas para eles/as. Como é a campaña de material escolar **Nas súas mochilas, os seus sonhos**, que consiste na entrega de material escolar ao comezo do curso; ou a **campaña de Nadal**, pola que cada menor de 0 a 8 anos atendido por Fundación Amigos de Galicia recibe un xogueto novo para que nunca perda a ilusión.

6.2.1. NAS SÚAS MOCHILAS OS SEUS SOÑOS



3.115 unidades de material escolar que recibimos grazas ás doazóns dos/as particulares e das empresas.

1.757 mochilas de material escolar repartidas a nenos/as por todo Galicia na campaña de recollida do 2018.

Ao comezo do curso escolar, hai menores que non contan con todo o material escolar que precisan por atoparse as súas familias en situación de carencia de recursos económicos. Dado que unha das actuacións principais da Fundación é a cobertura das necesidades básicas das familias en situación de necesidade, especialmente daquelas que teñen menores a cargo, a entidade entrega mochilas de material escolar con motivo da "Volta ao cole" para os nenos e nenas de diferentes concellos de Galicia.

Para facer estas mochilas foi imprescindible a axuda dos establecementos colaboradores que recolleron material escolar novo: *ALCAMPO VILAGARCÍA, CARLIN VILAGARCÍA DE AROUSA, LIBRERÍAS CASTELAO, CHAFARIS, CO-PE OURENSE, TINTORERÍA HYPERSEC, CARLIN OURENSE, LIBRERÍA ERVEDELO, PILI ESTUDO FOTOGRÁFICO*; así como a axuda dos /as traballadores/as de Caixabank de Vilagarcía de Arousa polas horas de voluntariado corporativo.

Para o desenvolvemento desta actuación, *AFundación* aportou a cantidade de 2.000€.





6.2.2. NINGÚN NEN@ SEN XOGUETE EN NADAL

Nadal 2018

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

Campaña de recollida de Xoguetes de Nadal novos

ningún neno sen xoguete

Atá ó 20 de Decembro

Os xoguetes irán destinados a nen@s galeg@s atendidos por Fundación Amigos de Galicia

** Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela
** Avda. López Ballesteros, 9 - Vilagarcía de Arousa
** Avda. de Portugal, 59 - Ourense

WWW.FUNDACIONAMIGOSDEGALICIA.ORG



A Fundación Amigos de Galicia entrega durante as datas de Nadal entre todos os menores que atendemos un agasallo para que ningún/ningunha neno/a perda a ilusión, garantindo a equidade dos menores e o seu dereito a ser nenos/as independentemente dos ingresos económicos dos seus proxenitores.

Dende Fundación Amigos de Galicia queremos agradecer a colaboración dos puntos colaboradores de recollida de xoguetes: PINOCCHIO & CO; PINTALETRAS (A Estrada); AGROCAMPO (Barro e Pontevedra); KIABI (Lugo), CAFETRÍA BRUSELAS (Meis); Edigroves S.L. (O Grove); CO PE (Ourense); CEMPÉS CLÍNICA PODOLÓXICA (Ourense); PELUQUERÍA ANNEKE (Ourense); PILI PROL ESTUDIO FOTOGRÁFICO (Ourense); DOMUSVI SAN LÁZARO (Santiago de Compostela); KIDS &US (Vilagarcía de Arousa).

Así como a colaboración de empresas, entidades, centros escolares e voluntarios/as que colaboraron coa campaña.

Durante o ano 2018 entregáronse 2.551 agasaios que levaron a ilusión a menores de 0 a 8 anos.

Así mesmo, entregáronse 502 xoguetes novos en colaboración coa Asociación Elfos y Calcetines para nenos/as menores de 18 anos atendidos/as en Galicia.

6.2.3. SENSIBILIZACIÓN EN VOLUNTARIADO NA INFANCIA

A Fundación Amigos de Galicia impulsa o proxecto "**Sensibilización en voluntariado**" dirixido a **centros escolares, centros empresariais e entidades** co obxectivo de concienciar sobre a importancia de valores como a igualdade, o compromiso, o altruísmo, a responsabilidade cara ós vulnerables e o entorno natural, e o valor da solidariedade, entre outros.

Deste xeito, Fundación Amigos de Galicia trata de sensibilizar á cidadanía sobre os distintos programas desenvolto pola entidade e establecer o alcance que teñen con respecto ás persoas vulnerables da nosa sociedade, de cara a tratar de invitar ás persoas interesadas á participación, de modo voluntario, no desenvolto de tarefas concretas que poden ser desenvolto en equipo. No caso das persoas menores de idade, contan con autorización expresa dos seus pais/nais e/ou titores legais, sempre baixo supervisión do centro e da persoa responsable de voluntariado.

Este programa conta co apoio da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Centros colaboradores 2018



CEE VILAGARCÍA DE
AROUSA

23/05/2018



IES CAMILO JOSÉ
CELA - PADRÓN

Actividade permanente



IES DE OROSO

22 de abril de 2018



CEIP SAN XOSÉ
OBREIRO - ARTEIXO

06 de abril de 2018



O FUTURO NAS TÚAS
MANS - AS NEVES

21 de marzo de 2018



CEIP AREALONGA
VILAGARCÍA DE
AROUSA

10 de marzo de 2018



XUNTOS POLA PAZ
CENTROS DE
VILANOVA

31 de xaneiro de 2018



IES AQUIS CELENIS
CALDAS DE REIS

Actividade permanente



CEIP SESTELO DE
BAIÓN - VILANOVA

10/10/2018



SAGRADO
CORAZÓN DE JESÚS
- MARÍN -

09/10/2018



CPR SAN MIGUEL
VIGO

04/10/2018



COLEGIO MARIANO
FRANCISCANAS
VIGO

03/10/2018



CEIP ROGELIO
GARCÍA YÁÑEZ -
RAMIRÁNS
(OURENSE)

24/09/2018.



CPR PADRES
SOMASCOS - A
GUARDA

13/06/2018



CIFP FERROLTERRA

08/06/2018



IES DE MEAÑO

25/05/2018

6.2.4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO XUVENIL



As campañas de recollida de tapóns de plástico levadas a cabo pola entidade.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, financiou os gastos de manutención e desprazamento de **8 rapaces e rapazas** que durante 6 horas diarias, colaboraron un total de 60 días facendo tarefas de voluntariado dentro do noso programa “O teu tapón é o seu sorriso”, enmarcado dentro das



6.2.4. ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á INFANCIA

✓ #LENDOENGALEGO 2018

A Fundación Amigos de Galicia organizou no mes de maio de 2018, con motivo da celebración do **Día das Letras Galegas**, unha **sesión de lectura en galego #LENDOENGALEGO** dirixida á infancia e xuventude do Concello de Pontevedra.

FOMENTO DO GALEGO

Sendo conscientes que a xente nova son o futuro da lingua galega, e que a pesar de ser un idioma con un bo coñecemento a nivel escrito e oral por parte da xuventude, a realidade é que a xuventude non emprega a diario o galego como lingua maioritaria.

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

#LENDOEN GALEGO

Lectura de contos de María Victoria Moreno, Letras Galegas 2018



Co obxectivo de que a xuventude galega comece a empregar a lingua galega como vehículo de comunicación cotiá, Fundación Amigos de Galicia levou a cabo a actividade #LENDOENGALEGO, unha actividade que ademais da lectura dos fragmentos de María Victoria Moreno, contemplou a entrega de libros de lectura en galego entre todos os asistentes ao finalizar a actividade.

✓ FUTURO NAS TÚAS MANS

A Fundación Amigos de Galicia organizou a actividade **“O Futuro nas súas mans”**, co obxectivo de repoboar o monte de San Nomedio en As Neves.

A ola de incendios que sufriu Galicia no mes de outubro de 2017, deixou ao municipio de As Neves co 90% do seu territorio afectado polo lume. As chamazarras arrasaron practicamente a totalidade do monte do municipio, levándose tamén fábricas, negocios e vivendas.



O FUTURO NAS TÚAS MANS

O monte nace na ESCOLA

Actividade de Repoboación con
carballos nos Montes de As Neves



Os primeiros días despois da catástrofe sufriron o corte de subministros básicos (luz e auga). Ante esta situación, Fundación Amigos de Galicia, dentro do seu Programa de Axuda para Situacións de Emerxencia, enviou ao municipio 19.800 litros de auga para entregar aos veciños e veciñas, que nese momento non dispoñían de auga potable nos seus fogares.

Co obxectivo de seguir colaborando para paliar as consecuencias devastadoras que deixou esta desastre natural, Fundación Amigos de Galicia e o Concello de As Neves colaboraron conxuntamente para **repoboar os montes comunais do municipio de As Neves** a través dunha actividade que implicou ao alumnado dos colexios públicos de As Neves. Unha actuación que ademais de axudar a repoboar os montes do municipio, **implicou aos nenos/as na importancia do coidado do medio ambiente.**

Quen participou?

Participaron arredor de 300 persoas compostas por todo o alumnado do **CEIP Marquesa do Pazo da Mercé** e das escolas unitarias de Taboexa e Rubiós; profesores/as, voluntarios/as que axudaron a paliar os incendios, persoal do Concello e patronos/as da Fundación Amigos de Galicia.

Onde tivo a repoboación?

No monte de San Nomedio e pista de acceso.

Plantación de *árbores bombeiro*

Para a repoboación, Fundación Amigos de Galicia, aportou tantos carballos como persoas participaron. Para Fundación Amigos de Galicia é esencial que os montes afectados sexan repoboados con plantacións autóctonas evitando as plantas invasoras por ser unha especie especialmente nociva para o medio ambiente.

Para toda a vida

Cada árbore levou unha etiqueta co nome e apelidos de cada neno/a, comprometéndose desta forma a coidalo para *o resto da súa vida*. A Fundación entregou ademais un diploma co número da súa árbore para que manteña sempre no recordo que é o seu cometido o coidado da plantación.


Despois da celebración da actividade a Fundación Amigos de Galicia pltou 11 especies diferentes de árbores no CEIP Marquesa do Pazo da Mercé en memoria á actividade desenvolva.



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

IMPULSANDO O EMPREGO

Durante o ano 2018, un total de 340 persoas foron insertadas no mercado de traballo a través da Axencia de Colocación Empleo Galicia da Fundación Amigos de Galicia, con Nº de Identificación 1200000013. Durante este mesmo ano realizáronse 3.438 atencións.



Emprego Galicia

Axencia de Colocación Nº ID 1200000013



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

Mellorar a empregabilidade, a busca activa de emprego e a inserción laboral das persoas que teñen dificultades para a integración laboral, é a liña de actuación principal que Fundación Amigos de Galicia está a levar a cabo nos últimos anos. Unha liña pola que apostará no futuro tendo en conta que un emprego digno é a mellor axuda ás persoas que se atopan en risco de exclusión social.


Para iso, a Fundación Amigos de Galicia, conta coa **Axencia de Colocación con I.D. 1200000013** autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Este servizo ofrece:

- Información e orientación sobre o mercado de traballo.
- Información de cara ao autoemprego.
- Itinerarios personalizados de inserción laboral.
- Citas de orientación laboral.
- Elaboración e divulgación semanal do Boletín de Ofertas de Emprego
- Bolsa de emprego con variedade de perfís.
- Mediación coas empresas.
- Preselección/selección de candidaturas.
- Inserción laboral.

🌿 COLECTIVOS ATENDIDOS:

- Persoas en risco de exclusión social
- Parados/as de longa duración
- Inmigrantes
- Menores de 30 anos
- Maiores de 45
- Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Persoas con escasa ou nula formación



Durante o ano 2018, un total de **340** persoas foron insertadas no mercado de traballo. Durante este mesmo ano realizáronse **3.438** atencións.

Este servizo consta de tres tipo de accións:

- **A orientación laboral e deseño de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral**, o cal consiste en realizar un plan de accións en función do perfil persoal, profesional e académico, para unha correcta busca activa de emprego.
- **A formativa**, na cal se ofertan cursos e obradoiros impartidos pola propia Entidade, e outras entidades para a integración laboral das persoas en risco de exclusión social.
- Accións de **inserción laboral**, nas cales o/as técnico/as de emprego realizan accións de prospección no mercado de traballo e de intermediación laboral coas empresas. A Entidade mantén convenios de colaboración con empresas privadas galegas que permiten a incorporación laboral dos/as usuarios/as da Entidade.

ACTIVIDADES DESENVOLTAS

BOLSA DE EMPREGO

O Servizo de Orientación laboral traballa nunha bolsa de emprego da que forman parte **1.034 persoas desempregadas**, así como ocupados/as en busca de mellorar a súa situación laboral.



PROGRAMAS ESPECÍFICOS

✓ ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE INSERCIÓN LABORAL

O obxectivo é tratar de lograr a inclusión no mercado de traballo das persoas atendidas, persoas que na actualidade se atopan en situación de risco de exclusión social.

O programa contempla as seguintes actividades:

- Información e orientación sobre o mercado de traballo.
- Información e orientación de cara ó autoemprego.
- Mediación coas empresas e entes de emprego para acadar as ofertas existentes e levar a cabo a intermediación laboral.
- Itinerarios Personalizados de Inserción Socio-Laboral (IPIS): análise do perfil do usuario, se fai un itinerario de inserción personalizada, no que son tidas en conta as fraquezas e fortalezas de cada participante e cara a súa inclusión no mercado de traballo, establecendo así as intervencións a levar a cabo por cada participante, así como outras actuacións que puidesen mellorar a súa inclusión laboral.
- Citas de Orientación Laboral: Asesoramento en técnicas, ferramentas e medios para a busca activa de emprego, etc.

ITINERARIOS EN DESEÑO ATA 30.06.2020

- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL CON RESIDENCIA EN PONTEVEDRA - 1er período 01.07.2018/30.11.2018 – 20 persoas atendidas.**
- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL CON RESIDENCIA EN OURENSE - 1er período 01.07.2018/30.11.2018 – 10 persoas atendidas.**
- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS INMIGRANTES CON RESIDENCIA EN PONTEVEDRA - 1er período 01.07.2018/30.11.2018 – 10 persoas atendidas.**
- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS INMIGRANTES CON RESIDENCIA EN OURENSE - 1er período 01.07.2018/30.11.2018 – 20 persoas atendidas**

Estes Programas están subvencionados polo Fondo Social Europeo a través da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

ITINERARIOS REMATADOS

- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL CON RESIDENCIA EN PONTEVEDRA - REMATADO A DATA 30.06.2018**
 - 50 persoas atendidas, das cales 14 foron insertadas no mercado de traballo.

- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL CON RESIDENCIA EN OURENSE E SAN CIBRAO DAS VIÑAS - REMATADO A DATA 30.06.2018**
 - 39 persoas atendidas, das cales 11 foron insertadas no mercado de traballo.

- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS INMIGRANTES CON RESIDENCIA EN PONTEVEDRA . REMATADO A DATA 30.06.2018**
 - 35 persoas atendidas, das cales 7 foron insertadas no mercado de traballo.

- ✓ **ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADA A PERSOAS INMIGRANTES CON RESIDENCIA EN OURENSE E SAN CIBRAO DAS VIÑAS. REMATADO A DATA 30.06.2018**
 - 38 persoas atendidas, das cales 15 foron insertadas no mercado de traballo.

Estes Programas están subvencionados polo Fondo Social Europeo a través da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

✓ **PROXECTO PONTE_COEMPREGO 18**

Proxecto dirixido á integración laboral dos colectivos con maior dificultade de acceso ó emprego, principalmente persoas en situación ou risco de exclusión social e persoas inmigrantes.

Ditas persoas pertencen aos concellos de: A Estrada, A Illa de Arousa, Cambados, Catoira, Cercedo-Cotobade, Marín, Meaño, Meis, Mos, Poio, Pontecesures, Pontevedra, Ribadumia, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

O fin último que persegue este proxecto é a integración laboral das persoas atendidas. Para tal fin, a Fundación Amigos de Galicia desenvolve diferentes actuacións como son os itinerarios personalizados de inserción así como outra serie de actuacións concretas de cara a acadar a mellora da empregabilidade das persoas atendidas, acadando, como fin último, a súa integración laboral.

Por tal, se describen como **obxectivos operativos os mencionados a continuación:**

--Mellora da **empregabilidade das persoas atendidas**, a través da **formación regrada e en contidos específicos.**

-- Mellora da empregabilidade das persoas atendidas, a través do desenvolvemento dun itinerario de inserción personalizada.

--Mellora da empregabilidade das persoas atendidas, a través **do uso de TICs na busca activa de emprego, proporcionándolle ós usuarios/as autonomía propia na procura de emprego.**

--**Motivación cara a busca de emprego** por conta allea.

--**Fomento do emprendemento e/ou autoemprego**, en casos nos que se valore positivamente a viabilidade de proxectos de emprendemento de usuarios/as.



PONTE_COEMPREGO '18

Persoas en risco de exclusión social
Inmigrantes
Parados de longa duración
Mulleres vítima de violencia de xénero
Persoas con escasa ou nula formación
Mozos con escasa formación ou experiencia laboral
Maiores de 45 anos
Persoas perceptoras da RISGA

Apostamos polo
EMPREGO

Intermediación
Boletín de Ofertas
Inserción Laboral
Bolsa de Emprego

 **Emprego Galicia**
Axeite de Colocación -Nº ID 1.20000013
Fundación Amigos de Galicia

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

 Facebook.com/EmpregoGalicia

 www.empregogalicia.org

Durante o ano 2018 atendéronse un total de 113 persoas (38 mulleres – 75 homes)

Este programa está subvencionado pola Deputación de Pontevedra.

✓ PROSERDE

Subvención da Secretaría Xeral de Emprego dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen ánimo de lucro, equivalente aos custos salariais dos/as traballadores/as contratados/as, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de dito salario, resultantes da **contratación de traballadores/as desempregados/as** para a realización de servizos aportados por Fundación Amigos de Galicia. Durante o ano 2018 desenvóléronse os proxectos:

- **Proserde XI**, para o que foron contratadas 3 persoas para o desenvolvemento do servizo.
- **Proserde XII**, para o que foron contratadas 10 persoas para o desenvolvemento do servizo.

✓ CAMIÑANDO POR UNHA INTEGRACIÓN REAL

Subvención da Secretaría Xeral de Emprego dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia outorgada á Fundación Amigos de Galicia para a contratación de mozos/as desempregados inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para a realización do servizo **“Camiñando por unha integración real”**. As persoas contratadas desenvolven funcións de seguimento e intervención que precisan as unidades familiares atendidas mediante o **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**.

Este programa está cofinanciado nun 91,89% polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil.

Durante o ano 2018 desenvóléronse os proxectos:

- **“Camiñando por unha integración real”**; polo que foron contratados 2 mozos/as desempregados/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Datas de contratación: 13/12/2017 – 12/07/2018
- **“Camiñando por unha integración real”**; polo que foron contratados 3 mozos/as desempregados/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Datas de contratación: 18/09/2018 – 17/04/2019

✓ PLAN DE FOMENTO E ESTÍMULO DO EMPREGO 2018 DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Subvención concedida polo Concello de A Illa de Arousa enmarcada dentro das subvencións do *Plan de Fomento e Estímulo do Emprego 2018*, polo cal se subvencionou o 60% do custo da contratación dunha persoa de A Illa durante seis meses que realizou as funcións de chófer.

✓ PROXECTO IOBE

No ano 2017 Fundación Amigos de Galicia institúese como centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia.

